

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR 2018

De conformidade co establecido na Resolución do 25 de setembro de 2018 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 08.10.2018), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación no universitaria, e en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, a Xunta Electoral deste centro dispón a convocatoria de eleccións ao consello escolar do alumnado realizándose deste xeito a renovación do **CONSELLO ESCOLAR**, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A Directora do Centro
- Un profesor ou profesora
- Un pai ou nai ou titor legal
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1966, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se prevé a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 30, martes, ás 12'00 horas**. Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que próximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

As normas que se seguirán son as seguintes:

Renovarase a metade dos membros electos. "Se o número total de membros electos de este sector é impar, e neste centro é de 3, renovarase 1 membro." No noso centro na elección do alumnado hai 1 vacante.

Teñen dereito a voto todo o alumnado da ESO.

É elixible todo o alumnado que formule a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría e Oficina administrativa do centro. As candidaturas poderán ser presentadas nas mesmas oficinas, dende o 7 de novembro ata o 16 de novembro.

A campaña electoral comprenderá dende o 20 ata o 25 de novembro ámbolos dous inclusive. As dependencias do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da xunta electoral, sempre que no altere o normal funcionamento do centro.

As votacións realizaranse no centro o luns 26 de novembro entre as 11:10 e as 11:20 e as 13:00 e 13.10 horas. O voto será directo, secreto e non delegable. Non se admitirá voto por correo.

Máis información na páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiasmirandas/>

ANIMAMOS A TODO O ALUMNADO A PARTICIPAR COMO CANDIDATOS E COMO ELECTORES DADA A IMPORTANCIA DAS DECISIÓNS TOMADAS POR ESTE ÓRGANO COLEXIADO.

Ares, 26 de outubro de 2018

A directora


M^{ra} Blanca Cortizas Gómez

